


# CPI CASTRO BAXOI

CURSO 2022/2023



Centro Público Integrado  
CASTRO BAXOI



MIÑO

4º EDUCACIÓN  
INFANTIL  
(3 ANOS)

## DATOS DO CENTRO

**NOME:** C.P.I Castro Baxoi.

**ENDEREZO:** R/ As Marismas, 25, 15630 -Miño. (A Coruña).

**TELÉFONO:** 881880765

**CORREO ELECTRÓNICO:** cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal

**PÁXINA WEB:** <http://www.edu.xunta.es/centros/cpicastrobaxoi>

## HORARIO DO CENTRO

O horario do centro é de 9:00 a 14:00. O alumnado de infantil sairá ás 13:50.

No período de adaptación haberá un horario diferente para permitir a incorporación progresiva dos nenos e nenas de 3 anos á escola (consultar na web do cole)

## AULAS DE 4º INFANTIL

AULAS DE 4º DE INFANTIL (3 ANOS): 4ºA E 4ºB

TITORA 4ºA: Raquel

TITORA 4ºB: Mari

## INFORMACIÓN DE CARÁCTER LEGAL

É importante que as familias comuniquen, se é o caso, ao centro a situación legal da familia (separación, divorcio, custodia...) para evitar situacións conflitivas que poidan xurdir. Tamén hai que autorizar quen pode recoller ao neno/a (darase documento para cubrilo e acompañarase da fotocopia do DNI).

## FALTAS DE ASISTENCIA

Cando o neno ou nena falte ao cole deberase xustificar a súa ausencia por escrito empregando un modelo que atoparedes na secretaría do centro ou polo abalar.

## CALENDARIO ESCOLAR

### CURSO ESCOLAR:

- Dende o 8 de setembro de 2022 ao 21 de xuño de 2023, ambos inclusive.

**PERIODO DE ADAPTACIÓN:** Do 8 ao 16 de setembro de 2022.

### PERÍODOS DE VACACIÓNS:

- **Nadal:** dende o día 23 de decembro de 2022 ata o 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

- **Entroido:** días 20,21 e 22 de febreiro de 2023.
- **Semana Santa:** dende o 3 de abril ata o 10 de abril de 2023, ambos inclusive.

#### **DÍAS NON LECTIVOS:**

- **Día do Ensino:** 31 de outubro de 2022.
- **DÍAS ESCOLLIDOS POLO CENTRO:** Pendentes de ser escollidos (informarase cando proceda).

## **COMUNICACIÓN FAMILIA-ESCOLA**

**TITORÍAS:** o horario para as entrevistas coas titoras será os **martes** de **16:10 a 17:00**. As entrevistas serán solicitadas con antelación.

Daremos información a través da **PÁXINA WEB** do centro, do **ABALAR MÓBIL** (que **podedes descargar no voso móbil dende o momento da matrícula**) e do **BLOG recantodobaxoi**.

## **MERENDAS**

A media mañá teremos a rutina da merenda. Co fin de **evitar o consumo de alimentos procesados e fomentar unha alimentación saudable e variada dende idades temperás**, podedes apoiarvos neste calendario:

<b>LUNS</b>	<b>Lácteos</b>
<b>MARTES</b>	<b>Bocadillo</b>
<b>MÉRCORES</b>	<b>Froita</b>
<b>XOVES</b>	<b>Cereais</b>
<b>VENRES</b>	<b>Libre elección</b>

A merenda traerana todos os días dentro dunha **mochila pequena de colgar nas costas e sen rodas**, xunto cunha botella reutilizable de auga.

## **ANIVERSARIOS**

Os **aniversarios dos nenos e nenas** celebraremos no cole con **2 ou 3 bolsas grandes de gusanitos** que repartiremos entre todos e todas. Se houbera alerxias informaremos no seu momento.

No cole non entregaremos invitacións.

## CÓMO NOS VESTIMOS PARA O COLE?

Deben vir ao cole diariamente con **roupa cómoda**, para favorecer a súa autonomía á hora de ir ao baño, evítanse pantalóns con botóns, zapatos con cordóns, tirantes ou cintos...

É imprescindible **marcar co nome a roupa** dos nenos e nenas para evitar perdas ou confusións.

Deberán traer unha muda metida nunha bolsa co seu nome a escola.

Traerán un **mandilón de cor azul abrochado por diante co seu nome e cunha cinta** ou goma para colgalo no percheiro.

Dous días á semana terán **Educación Física** (avisaremos dos días unha vez comezado o curso), polo que deberán traer roupa e calzado deportivo con velcro.

## XOGUETES

Os nenos e nenas **non poderán traer xoguetes da casa** para evitar conflitos ou que desaparezan, volvan estragados...

## CONTROL DE ESFÍNTERES

**Progresivamente o neno/a debe controlar esfínteres**, para conseguir a súa autonomía e favorecer no seu crecemento.

## COMEDOR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Están xestionados pola **ANPA** (solicitar información na secretaría do centro) ou consultando a súa páxina **web anpacastrobaxoi**.